



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE BOIRO



CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL



CONCELLO DE RIANXO



CONCELLO DE RIBEIRA



CONCELLO DE PORTO DO SON

Número 44/2021

**CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE
A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE BOIRO,
POBRA DO CARAMIÑAL, PORTO DO SON, RIANXO E RIBEIRA, PARA REGULAR
O PROXECTO “PARQUE ARQUEOLÓXICO DA IDADE DO FERRO: OS CASTROS
DOS PRAESTAMÁRICOS”**

Na cidade da Coruña, a 10 de maio de 2021

REUNIDOS

Don Xosé Regueira Varela, Deputado delegado de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural, en virtude de resolución número 24475 de 16 de xullo de 2019, e en representación da Deputación Provincial da Coruña,

Don José Ramón Romero García, Alcalde Presidente do Concello da Boiro

Don Xosé Lois Piñeiro García, Alcalde Presidente do Concello de Pobra do Caramiñal

Don Adolfo Muiños Sánchez, Alcalde Presidente do Concello de Rianxo

Don Manuel Ruíz Rivas, Alcalde Presidente do Concello de Ribeira

Don Juan Francisco Pouso Avilés, Concelleiro de Cultura, en representación do Concello de Porto do Son, en virtude de decreto de alcaldía número 650 de 7 de maio de 2021.

MANIFESTAN

O escenario socioeconómico que se presenta en Galicia, en España e na maioría dos países da nosa contorna a partir da primeira década do século XXI, fai por completo necesario intensificar os esforzos das administracións para adaptarse ao novo escenario. Os actuais escenarios orzamentarios, pero tamén os económicos, son por completo diferentes dos que existiron non soamente nos últimos anos, senón probablemente nas últimas décadas. A baixada dos ingresos derivados da redución da actividade económica, as esixencias do servizo da débeda pública, e a demanda de servizos públicos de calidade preséntannos ante escenarios descoñecidos. Máis ca nunca, desde as administracións públicas debe facerse un esforzo na dirección da eficiencia, da calidade e da sustentabilidade da xestión pública.

No ámbito da administración local, o papel das deputacións provinciais revélase por completo necesario para axudar os concellos –especialmente os pequenos municipios- a adaptarse a estes novos escenarios, para manter as actividades e os servizos públicos municipais e posibilitar que os ámbitos locais sexan atractivos para o desenvolvemento económico e a creación de emprego. Este acompañamento institucional da deputación cos municipios faise desde unha profunda implicación e converxencia de competencias e intereses. Para unha deputación provincial ningún problema local lle é alleo.

É amplamente coñecido o feito de que a xestión conxunta de proxectos, actividades e servizos públicos comporta reducións efectivas nos custos (por economía de escala e distribución de custos fixos), pola mellora operativa dos propios servizos (reordenación en ámbito territorial superior), así coma polo acceso a mellores condicións de execución ou contratación. Resulta claro que a cooperación intermunicipal é un dos factores estratéxicos máis potentes para avanzar na eficiencia, calidade e sustentabilidade da actividade pública local e, en particular, dos servizos públicos.

Existen diversos sistemas de cooperación intermunicipal, desde os máis formalizados como son os consorcios ou mancomunidades, ata algúns menos formalizados como acordos ou prestacións de servizos puntuais. Os modelos máis formalizados teñen a vantaxe da estabilidade territorial e temporal, mentres que posúen a desvantaxe de representar novas entidades locais co que significa no tocante a rixidez na xestión e posible demanda de novos recursos para o seu operativo. No outro extremo, os modelos menos formalizados non teñen estabilidade temporal nin por tanto proxección

estratéxica, pero tampouco significan a creación de novas entidades locais nin esixen en calquera caso novos recursos humanos nin materiais.

MODELO DE COMUNIDADES INTERMUNICIPAIS DE SERVIZOS E OU PROXECTOS CONSORCIADOS

Entre ambos os dous puntos, a Deputación Provincial da Coruña propón como unha vía intermedia o desenvolvemento de comunidades intermunicipais de proxectos, actividades e mesmo servizos públicos consorciados. Unha decisión que está acorde plenamente co Acordo da Comisión Nacional de Administración Local do 25 de xaneiro de 2012 no que se adoptan medidas extraordinarias e compromisos en materia de reordenación e racionalización do sector público local. Estas comunidades intermunicipais estarán constituídas por un número reducido de municipios e poboación que articulan un espazo estable de cooperación intermunicipal sobre a base dun convenio marco, do que se desprenden os convenios específicos para cada actividade ou servizos municipais consorciados que sexan acordados.

A Deputación participará activamente na vida desas comunidades intermunicipais mediante a súa participación nos convenios marco e específicos, cunha especial dedicación de medios humanos e técnicos para o asesoramento e eventual desenvolvemento ou mesmo xestión dos servizos que lle fosen requiridos pola comunidade intermunicipal.

A comunidade intermunicipal terá un nome como identificador territorial. A sede e cargos –en ningún caso retribuídos- serán rotatorios entre os concellos integrantes. Non terá personalidade xurídica, nin persoal, nin medios materiais propios nin adscritos. Trátase dun espazo virtual de cooperación intermunicipal estable e indefinido no tempo, fomentado e apoiado pola Deputación provincial.

ESQUEMA DE OPERATIVO PARA PROXECTOS, ACTIVIDADES CONXUNTAS E SERVIZOS CONSORCIADOS

Á hora de incorporar os proxectos, servizos ou a realización de determinadas actividades conxuntas, e para cada proxecto conxunto, a Deputación realizará un estudo xurídico, económico e técnico previo para definir e tratar baixo que modalidade e en que condicións económicas pode realizarse do modo máis eficiente e sostible o servizo de que se trate, incluíndo tanto os custos da actividade ou servizo, así como as

necesidades do seu financiamento, de maneira que se garantan os principios de eficiencia, calidade e sostibilidade económica servizo a servizo. Unha vez aprobado este modelo específico para cada servizo de cooperación polos municipios, pasará a implantarse no territorio dos concellos que integran a comunidade intermunicipal.

Sen ánimo excluín-te, os servizos que poderían someterse á cooperación ou consorciarse dentro da comunidade intermunicipal serán: fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos, servizos técnico-administrativos.

Nesta situación, os municipios limítrofes de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, conscientes da necesidade de profundar nos espazos de cooperación intermunicipal sen que iso signifique maiores gastos nin compromisos económicos, e na necesidade de garantir a eficiencia, calidade e sostibilidade das accións que se poden desenvolver desde o ámbito local para promover os valores da arte rupestre deste territorio.

ACORDAN

No ámbito das súas competencias, a sinatura do presente convenio de cooperación para regular o **proxecto Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, de acordo coas seguintes BASES:

Primeira.- Definición.

1. Os concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, xuntamente coa Deputación Provincial da Coruña, de conformidade coas potestades conferidas ás corporacións locais na Lei 7/85 de bases de réxime local e na Lei 5/97 de Administración local de Galicia, regulan mediante o presente convenio unha comunidade intermunicipal que permita a xestión conxunta do proxecto **Parque arqueolóxico da Idade do Ferro: os castros dos praestamáricos**, cos fins de competencia municipal que se expresan na base terceira.

2. O presente convenio fórmulase como unha técnica de cooperación, consonte ao previsto nos artigos 143 a 145 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, consonte ao disposto nos artigos 109.1, e 114-117 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia. Dado que se trata dun convenio interadministrativo, ao mesmo resúltanlle plenamente de aplicación as disposicións contidas no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

3. A comunidade intermunicipal é un espazo virtual de cooperación municipal para permitir a xestión compartida do proxecto referido no apartado 1. En ningún caso a comunidade intermunicipal terá a consideración de persoa xurídica propia e independente das entidades locais que a integran, nin disporá de orzamento, nin de medios persoais ou materiais propios ou adscritos.

Segunda.- Natureza e interpretación.

1. O presente convenio, formalizado co carácter dunha relación xurídica convencional de carácter administrativo, crea un espazo virtual de cooperación intermunicipal estable, que se establece entre os concellos limítrofes de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira, coa participación da Deputación Provincial da Coruña.

2. A natureza deste acordo, tal como está expresada no apartado anterior, en ningún caso supón a creación dunha persoa xurídica nova nin diferenciada das entidades asinantes ou das que se adhiran nun futuro.

3. A interpretación das dúbidas que puidesen xurdir na aplicación do presente convenio marco correspóndenlle ao Consello de dirección, despois dos informes emitidos polos funcionarios das corporacións locais que se designen en cada caso, en razón da natureza do asunto e da competencia funcional.

Terceira.- Obxecto, fins, principios e coordinación.

1. As presentes bases teñen por obxecto establecer as condicións que permitan agrupar os medios persoais e materiais e recursos económicos das corporacións locais participantes co fin de promover e xestionar de forma conxunta o proxecto de promoción e posta en valor do patrimonio arqueolóxico existente nos respectivos termos municipais, no marco das competencias propias que lles corresponden en materia de promoción económica, desenvolvemento territorial e turismo.

2. As actuacións concretas que se van levar a cabo, de conformidade co procedemento regulado na base sétima, o correspondente estudo xurídico, económico e técnico con proposta de forma máis adecuada de xestión das actividades que se han desenvolver (Memoria e Plan de actuación), serán aprobados polo Consello de dirección que se regula na Base oitava, a partir do momento no que sexan ratificados polas corporacións interesadas, segundo o procedemento previsto na base sétima, serán xestionados conxuntamente nas condicións que se establezan.

3. As actuacións xestionadas conxuntamente rexeranse polos principios de austeridade, economía, calidade, eficacia, eficiencia e sostibilidade, empregándose para a súa prestación os medios humanos e materiais dos concellos e, no seu caso, da Deputación provincial. Debidamente xustificada a insuficiencia de medios destas administracións, procederase a súa contratación consonte ao previsto na lexislación reguladora de contratos do sector público.

4. Sendo un dos fins deste convenio marco a eficiencia no desenvolvemento deste proxecto, procurarase a coordinación das actuacións dos concellos e da Deputación coa Administración xeral do Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e outras entidades públicas dependentes destas, evitando en todo momento a duplicidade de actuacións no mesmo ámbito funcional.

Cuarta.- Ámbito territorial e funcional da xestión conxunta do proxecto.

1. A xestión conxunta deste proxecto desenvolverá as súas actuacións no ámbito territorial dos termos municipais dos concellos de Boiro, Pobra do Caramiñal, Porto do Son, Rianxo e Ribeira.

2. As actuacións para o desenvolvemento do proxecto poderán afectar ás materias de competencia municipal como fomento de actividades económicas, fomento do turismo, servizos educativos, actividades recreativas e culturais, actividades deportivas, abastecemento, rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, conservación de vías e espazos públicos, servizos técnico-urbanísticos e servizos técnico-administrativos.

3. De igual xeito, tamén poderá acordarse a realización de actividades conxuntas relativas á paisaxe e medio ambiente, a conservación, defensa e posta en valor do

patrimonio cultural, normalización lingüística e outras que se consideren de interese público local e necesarias para o axeitado desenvolvemento do proxecto.

Quinta.- Lugar de reunións e arquivo da documentación administrativa.

1. As reunións e demais xestións a realizar polo Consello de dirección terán lugar na sede da Corporación municipal que en cada momento ostente a Presidencia.

2. Sen prexuízo do anterior, toda a documentación administrativa da xestión e acordos que se adopten será custodiada na Deputación Provincial baixo a responsabilidade do servizo de Promoción económica, turismo e emprego.

Sexta.- Duración.

1. Ao abeiro do disposto no artigo 49.h.1º da Lei do réxime xurídico do sector público, este convenio terá unha vixencia de catro anos, prorrogables expresamente por un máximo de catro anos adicionais. Xa que logo, as entidades asinantes comprométense a manter a súa participación e a súa vinculación a estas bases, con pleno cumprimento dos seus dereitos e obrigas, por un prazo mínimo de catro anos, a non ser que puidera acordarse unha resolución anticipada do convenio por finalización do seu obxecto e finalidade antes de que teña transcorrido o dito prazo.

2. No caso de que algunha das partes instase á súa resolución anticipada, o membro que desexe separarse, deberá manifestar a dita vontade, mediante acordo adoptado para o efecto, cun prazo de antelación dun ano á data na que esta se pretenda facer efectiva. En tal caso, procederase a constituír a comisión liquidadora á que se fai referencia na base décimo sexta.

Sétima.- Procedemento para a xestión conxunta do proxecto.

1. Para a xestión conxunta do proxecto deberá tramitarse un expediente para redactar unha Memoria e Plan de actuación que deberá contar, entre outros, cos seguintes apartados:

- Antecedentes, medios persoais e materiais necesarios adscritos, ingresos e gastos orzamentarios.

- Delimitación e alcance das prestacións a realizar concretadas nun Plan director do proxecto.
- Estudo económico-financeiro, no que se fixen os custos unitarios das prestacións a realizar en cada un dos concellos e forma de financiarlas (recursos xerais, taxas, prezos públicos, prezos privados, transferencias dos concellos e subvencións). No seu caso, este apartado incluírá un borrador de ordenanza de taxas ou prezos públicos. En todo caso, cada concello deberá garantir o financiamento da totalidade do custo que lle sexa atribuído.
- Estudo técnico-organizativo interno, coa descrición de tarefas a realizar polo persoal e, no seu caso, funcionamento operativo das instalacións.
- Proposta sobre a forma de xestión de cada unha das accións, contratos de obras, servizos ou subministracións, mesmo coa posibilidade de delegar a xestión na Deputación Provincial da Coruña.
- Formas de seguimento e participación dos concellos na xestión conxunta.

2. De igual xeito, tamén será un requisito previo para a xestión compartida dalgún servizo, a aprobación da Memoria e Programa de actuación, así como, no seu caso, ordenanzas reguladoras de taxas ou de prezos públicos (no caso de realización de prestacións individualizadas co carácter de servizo público), que deberán tramitarse consonte ao seguinte procedemento:

- Aprobación inicial da Memoria e Programa de actuación por cada un dos concellos, así coma, no seu caso, regulamento do servizo, ordenanzas fiscais ou reguladora de prezos públicos.
- Exposición ao público por prazo de trinta días, para o efecto de que as persoas interesadas poidan presentar reclamacións ou suxestións.
- Aprobación definitiva por cada concello, coa forma de xestión que se teña determinado, e aprobación definitiva, no seu caso, da ordenanza fiscal ou de prezos públicos, consonte ao disposto na Lei 7/85 e no Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais.

3. Finalmente, no caso de que se teña proposto a xestión das actuacións que vai a desenvolver a Deputación, deberán adoptar cada un dos concellos o acordo de delegación e a posterior aceptación da Corporación provincial, coa maioría esixida

polo artigo 47.2 h) da Lei 7/85, de bases de réxime local. Neste suposto, á delegación da xestión das actividades ten que engadirse a relativa a xestión e recadación da taxa ou prezo público correspondente, de acordo coas bases aprobadas pola Deputación para esta finalidade.

Oitava.- Órgano de impulso, dirección e seguimento.

1. A xestión compartida do proxecto estará impulsada e dirixida por un órgano colexiado que se denominará Consello de dirección e que realizará as funcións de comisión de seguimento deste convenio e dos acordos que se adopten no seu desenvolvemento.

2. Dito órgano estará formado por representantes de todas as entidades partícipes, de acordo coa seguinte distribución:

- a) Dous representantes de cada unha das corporacións partícipes, sendo un deles a Alcaldía ou concelleira/o no que delegue.
- b) Dous representantes da Deputación Provincial da Coruña.

Sen prexuízo desta composición, a presidencia poderá dispor que asistan ás sesións, con voz pero sen voto, os técnicos ou persoal especializado que conveña nalgún asunto determinado.

3. A presidencia do órgano recaerá na persoa titular da Alcaldía que corresponda, segundo un procedemento rotatorio de carácter anual, partíndose inicialmente do concello de menor poboación dos partícipes.

4. O cargo de representante non será retribuído, sen prexuízo das axudas de custo e remuneracións por asistencia ás sesións que poida acordar a corporación respectiva.

5. O órgano estará asistido por un funcionario pertencente ao servizo de Promoción económica, turismo e emprego da Deputación, coas funcións da base décimo cuarta.

Novena.- Atribucións do Consello de dirección.

O Consello de dirección, co carácter regulado na base anterior, terá as seguintes atribucións:

- a) Nomear a presidencia que corresponda segundo o procedemento de rotación anual anteriormente previsto.
- b) O impulso político e a dirección da comunidade intermunicipal para a xestión do proxecto.
- c) Aprobar inicialmente e proporlles ás corporacións partícipes a modificación do presente convenio e a proposta inicial da Memoria, Programa de actuación e acordos específicos para a xestión compartida, que serán definitivamente aprobados polas corporacións partícipes.
- d) Fixar as bases de execución e seguimento dos programas de actuación das actividades conxuntas, velando pola eficiencia dos servizos, a súa calidade e sostibilidade.
- e) Supervisar a calidade e cumprimento de contratos de obras, concesión de servizos, servizos, subministracións e de calquera outra índole que poidan realizarse no desenvolvemento do proxecto.
- f) Aprobar a incorporación ou separación de novas entidades e aprobar as bases que teñan que rexer esta incorporación ou separación.
- g) Acordar a resolución do presente convenio.
- h) Calquera outras relativas ao exercicio das súas funcións que non estean atribuídas a outros órganos.

Décima.- Distribución de votos e adopción de acordos.

1. Os acordos do Consello de dirección adoptaranse por maioría absoluta de votos dos membros presentes.
2. Non obstante, calquera modificación do convenio requirirá o consentimento unánime de todos os membros.

Décimo primeira.- Réxime de sesións.

1. O Consello de dirección celebrará sesión ordinaria, como mínimo cada tres meses, e extraordinaria cando así o dispoña a presidencia ou o solicite polo menos a terceira parte dos seus membros que, a súa vez, representen a terceira parte dos votos.
2. En tal caso, recibida a solicitude, a presidencia deberá convocar a sesión solicitada dentro dos 15 días hábiles seguintes ao de presentación da solicitude.

3. Para a válida constitución, a sesión deberá contar coa asistencia de, polo menos, un terzo do número dos seus membros e que entre os presentes se conte cun terzo do número total de votos.

Décimo segunda.- Atribucións da presidencia.

Corresponde á presidencia exercer as seguintes atribucións:

a) Convocar, presidir e dirixir as sesións da Consello de dirección e calquera outro órgano de carácter colexiado que puidera crearse ao abeiro do presente convenio.

b) Representar ás entidades partícipes en relación coa xestión do proxecto.

c) Velar polo cumprimento do convenio, dos programas de actuación e xestión conxunta e dos acordos adoptados polo Consello de dirección.

Décimo terceira.- Disposicións xerais.

1. Para o réxime de sesións e acordos, en todo o non previsto especificamente nas presentes bases, resultará de aplicación o disposto na lexislación de réxime local.

2. Subsidiariamente aplicarase a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como o resto das disposicións legais do ordenamento administrativo.

Décimo cuarta.- Funcións administrativas de apoio e asesoramento xurídico e económico.

As funcións de apoio administrativo, asesoramento xurídico e económico serán prestadas por persoal funcionario da Deputación Provincial da Coruña.

Décimo quinta.- Recursos humanos e materiais.

1. Os cometidos e traballos das accións conxuntas poderán ser realizados, de acordo co Plan de actuación, polo persoal das entidades e administracións participantes ou mediante as fórmulas de cooperación que en cada caso se acorden, nos termos

previstos no ordenamento xurídico administrativo, mesmo mediante a delegación de funcións na Deputación Provincial da Coruña.

2. Para a xestión conxunta utilizaranse exclusivamente medios persoais e materiais dos que dispoñan as corporacións locais partícipes.

Décimo sexta.- A separación dalgún membro.

1. Recibido o acordo plenario no que se manifesta a vontade de separarse deste convenio ou dos acordos específicos que se adopten no seu marco, designarase unha Comisión liquidadora que, atendendo ao efecto xurídico e económico que se produza nos contratos, convenios e demais acordos, presentará unha proposta ao Consello de dirección na que se fixen as condicións e efectos da separación unilateral.

2. Tamén procederá a separación, con carácter forzoso, de calquera dos partícipes, por incumprimento grave da lexislación vixente que afecte ás accións que se desenvolven conxuntamente, cando así o estime o Consello de dirección, previo expediente tramitado para o efecto e con requirimento á corporación interesada para que asuma o compromiso incumplido no prazo establecido para o efecto, coa advertencia de que de non atendela procederase á súa suspensión provisional como partícipe, como paso previo a súa separación definitiva.

Décimo sétima.- Modificación e resolución.

1. A modificación das presentes bases requirirá o acordo inicial do Consello de dirección e, posteriormente, a súa aprobación por cada unha das entidades partícipes, mediante acordo adoptado polo órgano competente.

2. Co mesmo procedemento, este convenio poderá resolverse polas seguintes causas:

- a) Por imposibilidade de cumprimento dos fins establecidos.
- b) Por disposición legal ou por aparecer circunstancias contrarias ao interese público.
- c) Cando así o acorde o Consello de dirección, pola maioría das tres cuartas partes dos seus membros.

3. O acordo de resolución determinará a forma na que se teña que proceder para o cesamento das actividades conxuntas, previa constitución dunha comisión liquidadora que propondrá os efectos xurídicos e económicos para cada entidade.

Décimo oitava.- Entrada en vigor e aplicación.

1. Unha vez tomados os acordos correspondentes polos concellos interesados e a sinatura deste convenio, no prazo de quince días constituirase o Consello de dirección regulado na base oitava.

2. O Consello de dirección, unha vez constituído, designará aos técnicos responsables da elaboración do Plan de actuación, para a súa tramitación, aprobación e aplicación consonte ao disposto no presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario de data 30 de abril de 2021

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O DEPUTADO DELEGADO EN
REPRESENTACIÓN DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Xosé Regueira Varela

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO
DE BOIRO**

José Ramón Romero García

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO
DA POBRA DO CARAMIÑAL**

Asdo.: Xosé Lois Piñeiro García

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO
DE RIANXO**

Asdo.: Adolfo Muiños Sánchez

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO
DE RIBEIRA**

Asdo.: Manuel Ruíz Rivas

**O CONCELLEIRO DELEGADO DO
CONCELLO DE PORTO DO SON**

Asdo.: Juan Francisco Pouso Avilés

**O SECRETARIO XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA,**

Asdo.: José Luis Almau Supervía